



CONVOCATORIA DE CURSO

Curso de Xestión de Riscos en actividades colectivas en montaña Nivel 2 (homologación FEDME)

A Federación Galega de Montañismo (FGM), a través da Escola Galega de Alta Montaña (EGAM) convoca un curso de formación dirixido a todos/as deportistas federados/as galegos/as que estiveran interesados/as en mellorar a seguridade das súas actividades de montaña.

Este curso contará coa homologación da Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME), a través da Escuela Española de Alta Montaña (EEAM), que servirá para que no futuro calquera titulado/a neste curso poida optar á realización do curso de nivel 3 do Plan formativo de seguridade da FEDME (en proceso de deseño polo seu comité de seguridade), dirixido a responsables organizadores/as de eventos e competicións deportivas de montaña.



1. Titulación:

Curso de Xestión de riscos en actividades colectivas en montaña, nivel 2.
Segundo curso dos tres que compoñen o Plan de Formación xeral en Prevención de Riscos e Seguridade en Montaña deseñado polo Comité de Seguridade FEDME para a Escuela Española de Alta Montaña.

2. Obxectivos do curso:

- Introducir os principios para organizar e xestionar as actividades no medio natural dende o punto de vista da seguridade.
- Desenvolver o concepto de planificación como base da xestión do risco.
- Aprender a sistematizar a recollida da información para tomar decisións sobre a idoneidade ou non, das actividades colectivas de montaña.
- Aprender a interpretar a información co fin de identificar os perigos correctamente e dun xeito global, coa finalidade de ter unha avaliación do risco adecuado ao día de realizar a actividade.

3. Destinatarios/as:

Actividade formativa dirixida a responsables de actividades colectivas de montaña (equipos directivos e vogais de áreas de clubs, responsables de actividades organizadas polas propias federacións e os seus equipos técnicos...)

4. Coordinación e dirección do curso:

A EGAM encargarse da coordinación organizativa e loxística da formación e o docente da actividade será o técnico do comité de seguridade da FEDME, José Ignacio Amat "Rizos".



5. Prazas ofertadas:

Este curso convócase para un máximo de 15 prazas. De non chegar aos 12 matriculados/as, devolverase o importe da matrícula e/ou se aprazará o curso.

6. Requisitos do alumnado:

Atoparse en posesión da licenza federativa FEDME do ano en curso e posuír o título homologado de nivel 1 do plan de seguridade da FEDME.

7. Prezo:

O curso terá un prezo de 90€ por alumno/a, incluídas as taxas de homologación da EEAM.

8. Lugar, data e horario da fase presencial:

Lugar: Centro cultural de Vincios (Gondomar) e Serra do Galiñeiro
Gondomar, Pontevedra

Data: **Sábado 30 de setembro de 2023**

Horario da xornada presencial: de 10h a 18h

Periodo de realización da formación on-line: dende a data de alta na plataforma virtual ata o día da actividade presencial.

10. Modalidade e carga horaria do curso:

Semipresencial.

Un total de 50 horas de carga lectiva (incluído o tempo estimado para realizar a avaliación do traballo proposto): 3 horas de formación en liña, 8 horas de formación presencial (aula e campo) e realización dun traballo individual trala parte presencial que sera obxecto de avaliación.

11. Contidos:

1. Principios para a organización e xestión das actividades colectivas de montaña.

- A planificación como protocolo.
- A planificación nas actividades colectivas.
- Bloques de información a analizar na planificación.

2. A planificación como proceso de toma de decisións

- Diagrama de toma de decisións durante a planificación.

3. Recollida e interpretación da información para a xestión da actividade. Cal e por qué?

- Primeira fase da recollida e interpretación da información.
 - Elección da actividade.
 - Loxística.
 - Competencia motriz requirida, condición física e nivel técnico.
 - Técnicas básicas de orientación e aseguramento na progresión.
 - Coñecementos básicos de autosocorro, primeiros auxilios, petición de axuda e técnicas de autorrescate.
- Segunda fase de concreción. Nivel de actualización ou filtrado.
 - Meteoroloxía: previsión e revisión das condicións.
 - Situación do terreo
 - O grupo.



- Material e equipamento.
- Terceira fase de concreción. Xestión dos riscos e diagnóstico de idoneidade.
- Identificación de perigos ou factores de risco.
- Accións de control e medidas correctoras.
- Risco residual= risco a asumir.

4. Fichas de traballo.

12. Profesorado

José Ignacio Amat “Rizos”. Área de Seguridade da FEDME.

13. Certificado de aproveitamento

A EGAM-FGM expedirá e remitirá aos participantes, unha vez superadas as dúas fases da formación (será obrigatoria a asistencia ao 100%) o certificado de aproveitamento do curso, que contará coa homologación FEDME.

14. Inscripción e prazos

A inscrición farase a través da web <https://fedgalmon.gal/a-egam> cubrindo o formulario e abonando o importe da matrícula; as prazas cubriranse por estrita orde de inscrición ata o 14 de setembro de 2023, co obxecto de contar con tempo suficiente para poder dar acceso ás persoas inscritas á plataforma virtual e realizar os módulos en liña antes de comezar a fase presencial.

Devolucións económicas: Terán que ser solicitadas expresamente polo interesado/a nun correo-e enviado a secretaria@fedgalmon.gal e terán dereito á devolución total da cota, só as persoas enfermas ou lesionadas que o comunicaran previamente enviando xunto un certificado médico oficial, asinado por un colexiado/a, indicando a imposibilidade de participar.

16. Información e contacto

Para cuestións e dúbidas xerais sobre o curso, podes informarte na Federación Galega de Montañismo, teléfono 986 208 758, na Rúa Fotógrafo Luís Ksado, 17 (of. 10) en Vigo, ou a través do correo directortecnico@fedgalmon.gal, ou info.egam@gmail.com

Para dúbidas ou incidencias sobre a plataforma virtual será necesario contactar coa EEAM a través do correo electrónico: secretaria.eeam@fedme.es